





**Sin Votos no
hay paraíso**

DELANTE



**Touriño
Polos Fios**

DENTRO



**Eu non son
Anxo Quintana**

DETRÁS

OS EMPREGADOS PÚBLICOS TAMÉN VOTAMOS



**Sin votos
no hay paraíso**

**¿ Cuánto estás dispuesto a pagar
por el paraíso?**

As promesas da campaña electoral do 2005 no referente ao ámbito da Administración pública:

PROMESAS DO BNG

- Reducir as taxas de temporalidade na Administración pública de xeito que se priorice e fomente a creación de emprego público
- Aplicar no seu goberno medidas tendentes a garantir a igualdade, a publicidade e os principios de mérito e capacidade no acceso á función pública galega e, en concreto, sinala como medida a aplicar a supresión de trámites discrecionais e potencialmente discriminatorios como a **entrevista** nos procedementos de selección e de promoción.

• O BNG quere unha Administración eficaz. Por iso propoñemos **restrinxir o recurso á creación de entes instrumentais e á externalización de servizos exclusivamente aos supostos en que se constaten, e así se xustifique, necesidades ou novas demandas sociais ás que a Administración se deba adaptar. Mais non, como o PP ten feito nos últimos dezaseis anos, para evitar controles –en materia de contratación, de xestión orzamental e de selección de persoal- ou facilitar o uso partidista dos recursos públicos.**

• Unha Administración eficaz supón eliminar as duplicidades innecesarias –sexa entre Departamentos ou entre a Administración autonómica e as locais– incluída a redución da Administración periférica do Estado en Galiza e racionalizar unha estrutura administrativa cangada por unha mesta rede de entidades instrumentais de toda caste – societarias, fundacionais,...- creadas polo PP para atenderen necesidades partidistas e non para responderen adecuadamente ás demandas cidadás.

A realidade que tod@s podemos constatar é que a taxa de temporalidade lonxe de reducila incrementouse e ás Consellerías do BNG favoreceron en grande medida a esa temporalidade e a contratación irregular de persoal, obviando os tan aludidos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade, para a realización de labores propias do sector público polo seu interese para a sociedade en xeral.

A Vicepresidencia e as consellerías gobernadas polo BNG crearon durante o seu mandato oito organismos públicos, entre eles: **INGACAL, SEAGA, BANTEGAL, SOGASERSO, AGADIC, CONSORCIO GALEGO DE IGUALDADE E BENESTAR**, que dan emprego a miles de persoas, con sistemas de selección máis que discutibles –con entrevista incluída, en moitos casos- e cunha estabilidade baixa e unhas condicións laborais máis que mellorables.



O 5/02/2009 a xunta de persoal de servizos centrais da Xunta de Galicia, solicitou formalmente a «paralización» das probas selectivas convocadas pola Vicepresidencia de Igualdade e Benestar para as galescolas e as residencias de maiores por entender que non reúnen «garantías legais de igualdade, mérito e capacidade no acceso ao emprego público», como así recolle a prensa galega da pasada semán.

No programa electoral do 2005, os nacionalistas apostaban por restrinxir o recurso á creación de entes instrumentais e á externalización de servizos e agora, no programa do 2009, o Bloque abandona esta linguaxe, para apostar por avanzar «no proceso de reestructuración e modernización» dos organismos e por un «modelo de organización instrumental flexible»

PROMESAS DO PSdG-PSOE

- **Reduci-la Administración Institucional da Xunta de Galicia** e reorganizala prestación dos servizos a través das Axencias Públicas.
- **Reduci-lo número de altos cargos e de asesores da Xunta de Galicia**, con especial incidencia nas libres designacións.
- **Reordena-lo mapa da Administración Funcional ou Institucional da Xunta de Galicia**, dado que é a 4ª Comunidade Autónoma con máis entes públicos autonómicos despois de Cataluña, Andalucía e Madrid.
- **Deseñar unha verdadeira política de recursos humanos** na que se reformulen os mecanismos de contratación, desenvolvemento do persoal (formación, motivación, habilidades directivas), retribución (introdución de complementos de produtividade); avaliación do desempeño (baseada en criterios de calidade) e saúde laboral. Propóñense as seguintes medidas:

1. **Introducir mecanismos de transparencia e rendición de contas** a tódolos altos cargos da Xunta de Galicia, tanto do seu sector administrativo como institucional.

2. **Mellora-los procesos de selección do persoal da Xunta de Galicia**, incrementando a súa transparencia, no só para aqueles postos da Administración Pública central, senón tamén para a institucional.

3. **Reduci-las taxas de temporalidade dos empregados públicos galegos**, consolidando ós interinos con máis de 10 anos de vinculación coa Administración Pública autonómica.

4. **Introducir elementos de avaliación e motivación para melloral a carreira administrativa dos funcionarios públicos galegos**. Elimínase a discrecionalidade da libre designación

O certo é que poderían volver a incluír moitas destas promesas no programa electoral do 2009, xa que calquera empregado público sabe que pouco o nada destas promesas foron cumpridas, pero o máis sorprendente é que no programa do 2009, non se fai mención a ningún destes aspectos non cumpridos, xa nin se molestan, sinxelamente prometen cousas como aumentar a incorporación de persoas con discapacidade ata acadar o 2% de prazas da comunidade autónoma, declaración que xa está recollida no Estatuto Básico do Emprego Público e na Lei da Función Pública Galega. En resumo, prometen neste ámbito o que xa está feito o en vías de realizalo, o que se traduce en que non prometen nada.



==== **PULSE AQUÍ** ====

AIRBAG 2009 :

EL CONCEPTO SIGUE

SIENDO EL CONCEPTO

Si quieres recibir el Herald Toupeiras en versión digital envíanos un correo a csif.servizoscentrais@xunta.es indicanos tú mail particular o de trabajo

IGUALDAD, MÉRITO Y CAPACIDAD

TOURIÑO POLOS FIOS



Fuente: Titiriteros e Monicreques

A lo largo del mes de enero y principios de febrero, hemos asistido atónitos al lamentable espectáculo de ver como uno de los socios del bipartito, a través de la Vicepresidencia de la Xunta de Galicia, pone en marcha la política de **“tierra quemada”**. Como consecuencia de ello, se han convocado, a pocas fechas de las elecciones autonómicas, varios cientos de plazas de personal laboral fijo para el Consorcio de Igualdade e Benestar, chiringuito que gestiona las Residencias de Mayores y las Galescolas, entre otros.

Desde CSI-F queremos manifestar nuestro absoluto rechazo a la destrucción de empleo público de calidad que se produce a través de estas convocatorias que tienen como objetivo el **establecimiento de redes clientelares** al servicio de un determinado grupo político y que son contrarias a los intereses generales de los ciudadanos gallegos.

Asimismo, algunos datos de estas convocatorias, ponen **al descubierto la verdadera cara de algunas organizaciones sindicales** afines al bipartito que, con su aval y defensa de estos vergonzosos procesos selectivos, demuestran que los principios de igualdad, mérito y capacidad en el acceso al empleo público sólo son válidos si sirven a sus intereses particulares:

- El baremo publicado **“premia”** al personal que ya está prestando servicios para el Consorcio con 0,90 puntos por mes trabajado, mientras que a los que prestan servicios para el sector público (pero fuera del chiringuito) les asignan ¡¡0,10 puntos por mes de servicios!! Es decir, para tener el máximo de puntuación si no se trabaja para el Consorcio hay que tener **100 meses** de experiencia; por el contrario con sólo **11 meses** se alcanza el tope máximo.

- El número de temas exigido es una tomadura de pelo frente a lo que se exige en las distintas oposiciones a la Xunta de Galicia.

Para CSI-F todas estas consideraciones ponen de manifiesto el gravísimo agravio comparativo con los empleados públicos de la Xunta de Galicia, cuyo acceso a una plaza fija o a su promoción profesional se rige por los principios básicos de publicidad, mérito y capacidad en igualdad de condiciones.

Además no dudamos de que en poco tiempo, y para rematar la faena, se empezaran a escuchar ciertos ecos sindicales reclamando para los que ahora entren en el Consorcio algún tipo de proceso de consolidación e integración como personal laboral fijo de la Xunta de Galicia.

por Ñ



Identidade de País, complexo de Pobo



Según contan os vellos, na época da post-guerra a ditadura fomentaba o fútbol para que España se esquece da fame: “o fútbol é o opio do pobo”, que se dicía parafraseando a Marx. Por sorte para nos xa morreu a ditadura, pero, tristemente parece que a sombra da fame quere asomar. No momento de crise económica galopante no que estamos inmersos, fomentar por parte dos grupos nacionalistas o enfrontamento social por unha cuestión lingüística parece non ter máis razón de ser que converter tal enfrontamento no novo opio do pobo galego como paliativo das penurias económicas: “Pelexade pola lingua e olvidádevos da crise” parece ser a nova consigna do nacionalismo galego.

Foron precisamente ese ataques furibundos do nacionalismo galego máis intransigente da época os que levaron á propia Rosalía de Castro, un mito do independentismo galego, a afirmar ao seu home, nunha carta asinada en Lestrove o 26 de xullo de 1881, que “ni por tres, ni por seis, ni por nueve mil reales volveré a escribir nada en nuestro dialecto...” reiterando aoa final desa carta “... mi resolución de no volver a coger la pluma para nada que pertenezca a este país, ni menos escribir en gallego...”. Todo elo despois de sentirse vítima deses ataques nacionalistas motivados pola publicación dun artigo seu nos “Lunes” de “El Imparcial de Madrid” o 28 de marzo e o 4 de abril de 1881.

Algo similar está a suceder na Galicia actual. Unha nova forma de imperialismo lingüístico operada dende o propio centro do nacionalismo institucional que está a correr o risco de volverse na súa contra, provocando un rechazo frontal por parte da sociedade galego a este intento de imposición. O “endexamais volverei a falar nestas verbas” corre o risco de recobrar vixencia na sociedade galega actual como reacción contra esa imposición.

Recentemente, Xornal de Galicia facía pública unha enquisa que viña a revelar que, para a sociedade galega e por unha pequena porcentaxe de diferenza, o español prevalecía sobre o galego. O nacionalismo galego votou a bramar:



“Coarenta anos de ditadura estrangularon a lingua galega e casi acaban coa identidade desta “naçón” É a hora do revanchismo lingüístico e do exterminio do espanhol ” E certo. Coarenta anos de ditadura en nada favoreceron o uso da “nosa lingua” Coarenta anos de ditadura nos que España foi Unha, pero nin foi grande nin foi libre. Unha España, sen autonomías nin nacionalidades. Cuarenta foron os anos nos que, certamente, a liberdade para expresarse e aprender en galego non existiu. Pero nin nos enganemos nin nos deixemos enganar. Galicia existe como Comunidade Autónoma dende fai máis de vinte e sete anos e vive en plena liberdade dende fai máis de trinta e tres. Os galegos e galegas en vinte e sete anos de autonomía e en trinta e tres de liberdade fomos quen de decidir en que lingua quixemos falar e aprender. En estes anos de autonomía e liberdade fomos e somos quen de apostar en que lingua queremos falar, e que falen e aprendan os nosos fillos que, coma nós, son fillos da democracia, que non da ditadura. En todos estes anos en Galicia falabamos en liberdade, en galego ou español, pero en liberdade, armonía e sen enfrontamentos. E, en todos estes anos, os galegos e galegas, falando entre nos como mellor nos parecía fixemos de Galicia un gran pobo coa súa propia identidade. Sí, un gran pobo que agora uns poucos acomplegados queren des-facer en país. O seu país.

Pero máis recentemente aínda, o pasado día 8 de febreiro, unha parte da sociedade galega exercía o seu dereito a manifestarse pacificamente na Praza da Quintana en defensa dun ideal, erróneo ou acertado, pero lexítimo: a liberdade lingüística. O pasado día 8 de febreiro, unha parte dos grupos ultras do nacionalismo galego, daba a coñecer o seu significado de democracia e liberdade. O día 8 de febreiro, a kale borroka nacionalista galega, eses fillos predilectos do nacionalismo institucional, os cachorros do apartheid lingüístico, agredían con pedras e botellas a nenos, mulleres e vellos en nome da liberdad. Lamentable e triste, como lamentable e triste é que e que nin o día 8 de febreiro, nin o día 9, nin o día 10, ... eses que dín que están a facer país condenaron, reprobaron ou repudiaron a actitude dos seus cachorros, todo o contrario: co seu silencio avalan o recurso a violencia como defensa dos seus ideais. Alá eles coa súa conciencia e coa súa derrota, porque **Galicia é Libre é Bilingüe**.

Eu tamén fun á Quintana!

por **SJNHDQ**

NOVAMENTE O TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA RECOÑECE A ILEGALIDADE DUNHA ACTUACIÓN DO GOBERNO AUTONÓMICO DA XUNTA DE GALICIA

En novembro de 2006, CSI-F informouvos da interposición dun recurso contencioso – administrativo contra o Decreto da Xunta de Galicia 140/2006, de 31 de agosto, que determina os criterios de perda do destino definitivo dos funcionarios docentes non universitarios, e mais concretamente contra o establecido no apartado 2 do artigo 11º que di textualmente o seguinte: “Naqueles casos nos que o sistema de provisión de postos sexa de libre designación terán dereito á reserva da praza que estivesen desempeñando, se esta se ocupase con carácter definitivo”.

CSI-F entendeu ilegal este apartado e, consecuentemente, nulo de pleno dereito, xa que se contradecía co establecido na Lei de Función Pública de Galicia, supoñendo por unha banda un agravio comparativo fronte aos funcionarios non docentes, que teñen que renunciar á súa praza definitiva para acceder a unha de libre designación; e por outra, respecto aos docentes, que non poden acceder a estas prazas nos concursos de traslados por estar reservadas.

Pos ben, de novo os tribunais de xustiza veñen de dar a razón a CSI-F coa estimación deste recurso, entendendo que unha vez máis o Goberno de Galicia utiliza as leis arbitrariamente, acatando o que lles interesa e ignorando o que non lles convén segundo o momento e a situación.

Pero esta sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia unicamente supón unha vitoria moral para todos os funcionarios galegos, docentes ou non. O Goberno da Xunta de Galicia, consciente da ilegalidade deste apartado, non tivo o menor reparo en “legalizalo” da única forma que podía, introducindo un novo artigo, o 66, na Modificación da Lei de Función Pública, onde literalmente se di: “No suposto de provisión, mediante libre designación, de prazas da Administración abertas a persoal funcionario docente nas relacións de postos de traballo da Xunta de Galicia, as funcionarias e funcionarios docentes que prestan servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias terán dereito á reserva da praza que estivesen desempeñando se esta se ocupase con carácter definitivo.”

Queda probado que cando a esta Administración non lle interesa cumprir as Leis as modifica ao seu antoxo. A pesar de todo isto, a CSI-F vai seguir denunciando todas e cada unha das ilegalidades e irregularidades que se están a cometer polos nosos gobernantes, co único obxectivo de seguir a defender, contra vento e marea, os intereses de todos os Empregados Públicos de Galicia.

M D
A E
N A
I D
F H
I E
E S
S I
T Ó
O N

Ante las amenazas, coacciones y presiones de que están siendo objeto los compañeros Manolo Díaz y Luis Vázquez por parte de la cúpula de la Confederación Intersindical Galega (CIG), por expresar públicamente su rechazo al proceso selectivo convocado por el Consorcio, los miembros de la Junta de Personal y del Comité de Empresa de CSI-F de Servicios Centrales de la Xunta de Galicia manifestamos cuanto sigue:

Uno.- Tanto Manolo Díaz como Luís Vázquez, con independencia de su vinculación sindical con la CIG, son miembros electos de la Junta de Personal de los Servicios Centrales de la Xunta de Galicia, siendo Luís Vázquez, además, Presidente de la misma.

Dos.- En su calidad de representantes legítimos de los funcionarios públicos, Luís Vázquez y Manolo Díaz, están legitimados para realizar toda declaración que estimen oportuna en defensa de los intereses de los funcionarios públicos y en denuncia del incumplimiento de la legalidad vigente en materia de empleo y función pública.

Tres.- Ninguna Organización Sindical, por muy nacionalista que sea, es quien de intentar coartar o vulnerar los derechos sindicales reconocidos a los miembros de la Junta de Personal en el ejercicio de sus funciones, y mucho menos recurriendo a actitudes violentas y no democráticas.

Por todo ello, los miembros de servicios centrales de la Junta de Personal y del Comité de Empresa de CSI-F expresamos públicamente nuestro total apoyo y respaldo a estos dos compañeros, Manolo Díaz y Luís Vázquez, y condenamos enérgicamente el acoso sistemático del que están siendo objeto por parte de altos responsables de CIG. Así mismo, invitamos a los restantes miembros de las Juntas de Personal y Comités de Empresa del resto de las Organizaciones Sindicales a sumarse a este manifiesto de adhesión.



FACENDO PAÍS...?

ACTIVIDADE	FONTE	UNIDADE	2006	2007	2008
PIB en volume	IGE	%(T/T-4)	4,1	4	2,4
Producción industrial	INE	%(M/M-12)	7,7	3,6	-5,9
Traballo					
Ocupados	INE	%(T/T-4)	3	2,5	0,6
Taxa de paro	INE	%	8,5	7,6	8,7
Afiliacións	MTAS	%(M/M-12)	3,5	3,6	0,2
Parados rexistrados	SPE	%(M/M-12)	-6,3	-6,7	7,9
Demanda, mercados e prezos					
Gasto consumo final fogares	IGE	%(T/T-4)	3,4	4	1,6
Formación bruta capital (FBC)	IGE	%(T/T-4)	5,3	5,8	0,1
Exportacións	AEAT	%(M/M-12)	20,5	11,7	-2,4
Importacións	AEAT	%(M/M-12)	13,7	8,9	-6,5
Prezos de consumo	INE	%(M/M-12)	3,5	2,5	4,2
Custos laborais	INE	%(T/T-4)	4,4	3,7	4,2

(*) Datos extraídos da páxina web do Instituto Galego de Estatística e da Consellería de Economía e Facenda

Na táboa anterior se recollen os principais indicadores económicos de Galicia, nos últimos tres anos de goberno do bipartito.

Dado que non hai nada máis obxectivo que os datos, non vou intentar interpretalos, unicamente lanzar algunhas preguntas para invitarvos a reflexionar sobre elas:

- E este o modelo de país que queremos construír?
- Ten culpa de todas estas malas cifras a crise internacional?
- O goberno non pode ou non puido facer máis para melloralas?...

OU DESFACENDO PAÍS...?

AÑO 2005



Fuente: Plus de Musculatura

AÑO 2009



Fuente: Plan E?

**PROBABLEMENTE EL BIPARTITO NO EXISTE,
DEJA DE PREOCUPARTE Y DISFRUTA LA VIDA**



DIXOME DIXOME

Dixome que con valentía, sen ataduras... o sea, con dos cojo...

Por fin o BNG atrevese a presentarse a cara descuberta. O seu slogan de campaña resume estupendamente a actitude do BNG nesta lexislatura: non o ataron as promesas, nin os compromisos, nin todos os berros que deron cando eran oposición opoñéndose ás iniciativas e proxectos do anterior goberno... chegaron e fixeron/facen o que lles da a gana: sen ataduras, con valentía... con caradura diría eu. Exemplos disto están na mente de todos. Hoxe só quero poñer un máis como mostra: o completo desprezo que tivo e ten o BNG, e polo tanto o goberno bipartito, cara aos/ós traballadoras/res da Administración Pública galega e os seus entes e sociedades. Neste caso **TURGALICIA**.

Con valentía e sen ataduras, o comisario político do BNG en Turgalicia: o director-xerente, Xesús Pereira, pacta có Comité de Empresa de Turgalicia un acordo operativo en decembro de 2007, que ratifica o Consello de Administración da mesma e informa favorablemente a Dirección Xeral de Orzamentos e a Dirección Xeral de Función Pública. Un ano despois, decembro de 2008, a un grupo de traballadoras/es se lles comunica individualmente as novas condicións do acordo operativo que regulará as relacións cos traballadores así como as modificacións de cada posto. Pero este acordo que agora presenta o Sr. Pereira non é o que pactara có Comité de Empresa. Diferencias sutiles pero substanciais separan un doutro, **lesionando os dereitos dos traballadores** e vulnerando a lexislación vixente. En fin, enganando ao persoal... así con dos cojo... sen ataduras e con valentía.



Fuente: Cirque du Soleil

Dixome que hay que ver que personajes mas despistados hay en **Sanidad**, primero pierden un **pingüino** y mas tarde no consiguen localizar **un millón de euros**. Confiemos en las desconocidas dotes de organización de la subordinada responsable, ya se sabe que la formación a veces nos juega malas pasadas.

Dixome que din os rumoroso dunha Confederación Intersindical que unha das esixencias do BNG para permitir a Touriño ser Presidente da Xunta, no caso de que poidan reditar o bipartito, é a de añadir as consellerías que xan teñen a de **Educación**. Tan extendidos están os rumores que ata parece que xa ten nome o futuro **Conselleiro**: nada máis e nada menos que o incombustible **Bieito Lobeira**. Pero claro, todo eso no caso de que os galegos lles consintamos repetir esa experiencia indescribible de gobernar en conxunto. ¿Seremos os únicos animais que tropezan dúas veces na mesma pedra?

Dixome que OH SORPRESA ! Es curioso ver como el gallego, para muchos, no es solo una cuestión de corazón sino también de bolsillo. No hay mas que ver como algunos completan su nomina de funcionarios, de forma irregular, corrigiendo **traducciones al gallego**. La forma de retribuir el trabajo no es un problema, siempre hay alguna empresa (quizás una imprenta afín) que se presta a **chanchullar**. Nuestra lista de traductores aficionados es cada día más extensa y esta a punto de escapársenos de las manos.....


Dime Ti: h.toupeiras@gmail.com - **NECESITAMOS VUESTRA COLABORACIÓN**



Así se rodó: La Verdadera Historia del Slogan de Campaña de E. Pérez Touriño: " O Presidente que nos Une" y " Dalle con Más Forza". Un Slogan basado en un hecho real.

==== **PULSE AQUI PARA VER O VIDEO** ====

¿QUIERE SER MILLONARIO?



Fuente : Quin.tv (Slumdog Millionaire)

RESPUESTAS :

- A - "Amañar" el concurso para "satisfacer a empresas de fuera"(solución PSOE según BNG)**
- B - "Amañar" el proceso y hacer una adjudicación irregular" (solución BNG según PSOE)**
- C - Abandonar la comisión de evaluación de las empresas alegando inseguridad jurídica (solución PSOE)**
- D - Hacer el reparto en solitario, representando un 18% del electorado (solución BNG)**



CENTRAL SINDICAL INDEPENDIENTE Y DE FUNCIONARIOS

www.toupeiras.blogspot.com

h.toupeiras@gmail.com

Edificio Administrativo San Caetano - locais sindicais - Santiago de Compostela - 981545989